



**Expediente núm.:** 876/2024

**Asunto: CONTRATO DE OBRAS.- IMPLANTACION DE 184 LUMINARIAS EN VARIOS PUNTOS DEL MUNICIPIO DE BECERREÁ**

**DECRETO.-**

Visto o establecido no artigo 117 da LCSP, e considerando que, ós efectos previstos no artigo 28 do mesmo texto legal, mediante memoria de alcaldía se xustificou a necesidade de iniciar o expediente de contratación para a execución da obra contida no proxecto titulado As actuacións incluídas na documentación técnica que leva por título MEMORIA VALORADA DA MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA.

O devandito proxecto foi informado favorablemente polo arquitecto municipal Don Manuel Eduardo López Vázquez.

Visto o informe emitido pola secretaría-intervención deste Concello e demais documentación obrante no expediente.

Examinada a documentación que consta no expediente, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vigente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,, RESOLVO:

**Primeiro:** Aprobar o proxecto técnico da obra/memoria técnica titulada As actuacións incluídas na documentación técnica que leva por título MEMORIA VALORADA DA MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA, redactada polo Arquitecto municipal.

**Segundo.-** Declarar a titularidade municipal e a libre disposición de todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, libres de cargas e gravames, así como que xa se conta con tódolos permisos e autorizacións exhibibles para a súa execución.

**Terceiro.-** Someter o devandito proxecto ó trámite de información pública por un período mínimo de vinte días hábiles mediante a publicación de anuncios no Taboleiro de anuncios da se electrónica do Concello de Becerreá (<http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>), para os efectos da presentación de alegacións. De non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación será elevada a definitiva sen máis trámite, segundo o disposto no artigo 72 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

**Cuarto.-** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, cos criterios de adxudicación establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, deste contrato de execución das obras contidas no proxecto titulado As actuacións incluídas na documentación técnica que leva por título MEMORIA VALORADA DA MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA.

O valor estimado do contrato é de 33.051,06 € euros.

O orzamento de execución por contrata é de **39.991,78 €** IVE incluído.

O prazo de execución será de 2 meses. Non obstante, tratándose dunha obra cofinanciada co Fondo de Compensación Ambiental, os traballos deberán quedar rematados antes do 25 de outubro de 2024.

**Quinto.-** Aprobar o gasto con cargo á partida orzamentaria: 165.623.

**Sexto.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen a contratación mediante procedemento supersimplificado do presente contrato de obras.

**Sétimo.-** Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto supersimplificado, con publicación do anuncio de licitación no





**CONCELLO DE BECERREÁ**

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F  
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

perfil do contratante deste órgano de contratación, para que no prazo de 10 días hábiles se presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

**Oitavo.**-Designar director de obra ao arquitecto municipal Don Manuel Eduardo López Vázquez que ademáis será a responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Ordénao e asínao electrónicamente o Sr. Alcalde-Presidente.

Pola secretaría tómase razón para a súa transcripción no Libro de Resolucións, aos sos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

